

# **NORMATIVA DE REGATAS**

## **2022**

## **ÍNDICE**

Cap. I – Cuestións Xerais.....	1
Cap. II – Campos de Regatas.....	1
Cap. III – Xurado e Comité de Regatas.....	6
Cap. IV – Delegados.....	9
Cap. V – Tripulacións dos Remeiros/as e Patróns/as.....	10
Cap. VI – Inscripción de Deportistas.....	12
Cap. VII – Desenvolvemento Regata.....	14
Cap. VIII – Medidas Correctoras e Sancionadoras.....	22
Disposición Derrogatoria Única.....	23
Disposicións Finais.....	23

## **CAPÍTULO I.- CUESTIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1.- Ámbito de aplicación.**

1. O presente Código de Regatas será de aplicación naquelas regatas incluídas no calendario da Liga Galega de Traiñeiras (en adiante LGT), independentemente de que se trate de regatas puntuables, non puntuables ou de play-off.
2. O contido no presente Código de Regatas resulta de obrigado cumprimento tanto para os organizadores de regatas incluídas no calendario da LGT, en aspectos organizativos, como para os participantes nas mesmas, en aspectos deportivo-competicionais.

## **CAPÍTULO II.- CAMPOS DE REGATAS**

### **Artigo 2.- Requisitos para a súa homologación.**

1. Os campos de regateo onde se celebren as regatas da LGT deberán ser autorizados polo Comité de Competición da LGT. Para que un campo de regatas poida ser autorizado polo Comité de Competición da LGT, aquel deberá cumprir os seguintes requisitos:
  - a) Todo campo contará cun sistema de megafonía eficaz.
  - b) Todo campo de regatas contará cun espazo para a reunión de delegados debidamente equipado con ordenador con conexión a Internet e impresora. A reunión de delegados dará comezo 1h30´ antes da regata.
  - c) Será obrigatorio dispoñer de recintos debidamente delimitados; un para árbitros e outro para delegados, nos que só poderá estar un delegado identificado por club. Dispoñerase dunha sala pechada para reunión do Comité si fíxese falta.
  - d) O campo de regatas dispoñerá dunha zona para aparcadoiro dos carros no que cada club terá o seu reservado e cunhas medidas que permitan aparcarse.
  - e) Ter accesos (ramplas, pantaláns, etc) en perfecto estado, que permitan o acceso a auga tanto as persoas intervincentes como as traíñeiras e resto de botes auxiliares, debéndose encontrar o acceso próximo o aparcadoiro de remolques.
  - f) Embarcación para o Xuíz-Árbitro, que deberá estar dispoñible con dúas horas de antelación para a revisión do campo de regatas.
  - g) Medios de salvamento marítimos e terrestres, coa presenza dunha ambulancia medicalizada durante o transcurso da competición.
  - h) Dispoñibilidade das embarcacións necesarias para a vixilancia do Campo de Regatas.

- i) Deberase dispoñer dun plano, que ademais do trazado, a orientación e os calados, a ser posible con referencias claras en terra e de doada comprobación por persoal non técnico. Se sobre o terreo se sitúan referencias con garantías abondo para a correcta delimitación futura, estas serán referendadas no plano oficial correspondente.
  - j) Dispoñer dunha zona específica de quentamento e arrefriamento, a cal estará indicada no plano do campo.
  - k) Dispoñer dunha zona específica de aseo, duchas e/ou vestiarios para os remeiros/as.
2. Á vista da documentación que se conteña no informe da regata remitido polo organizador ou mediante a visualización polo Comité de Competición ou persoal por este autorizado para o efecto ou sobre a base da información que poida ser obtida pola Liga, o Comité de Competición poderá autorizar o campo ou instar ás emendas daqueles aspectos que se consideren oportunos.
  3. Salvo pronunciamento en contrario do Comité de Competición que deberá, en todo caso, ser comunicado ao organizador polo menos 20 días naturais antes da data da regata- o campo de regatas proposto entenderase autorizado.
  4. A comprobación e validación do campo de regatas será efectuada polo club máis cercano ao lugar de celebración da regata. Este terá que efectuarse 2 horas antes do comezo da regata.
  5. Os puntos anteriores poderán completarse sempre cun Manual Técnico que comprenda de forma máis detallada os requisitos mínimos para a organización dunha competición da LGT. Así mesmo, o Comité de Competición poderá apoiarse na creación dun Comité Técnico que valore e supervise concretamente os aspectos técnicos das regatas.

### **Artigo 3.- Rúas, medidas e realización do percorrido.**

1. As regatas celebraranse preferentemente sobre a distancia clásica de tres millas (5.556 m.). Os campos de regatas deberán ter, con carácter xeral, 4 (catro) rúas no grupo A e entre 3 e 5 no grupo B, a excepción dos destinados a probas contra-reloxo. Esta formulación de regata será refrendada anualmente en asemblea, en función dos participantes que haxa cada ano.
2. Ser prioritariamente rectangular e a montaxe de rabizas será obrigatorio a tódolos campos de regatas.
3. O campo de regatas deberá estar totalmente montado e sinalizado como mínimo 2 (dúas) horas antes do comezo da regata.

4. No caso de producirse un incidente no balizaxe que non se poida arranxar antes de 15 minutos da hora prevista para o comezo da regata ou da seguinte quenda, tomaranse as seguintes medidas:

a) No caso que non se puidese celebrar a competición por non estar regulamentado o campo de regatas no momento do comezo da proba, realizarase a competición en modalidade contra-reloxo, saíndo de tres en tres traiñeiras, de dúas en dúas ou de unha a unha, aplicándose o regulamento de regata contra-reloxo.

b) No caso de ter comezado a competición e se producira un incidente técnico que impidise termos que acorde o Comité de Regata, e a regata terá condición de "non puntuable".

Calquera avaría que suceda como consecuencia do desenvolvemento da proba, exemplo (rotura bandeira baixa) deberá ser solucionado no mínimo tempo posible, de non ser así será motivo de sanción a decidir polo Comité de Regata.

5. A rúa ou liña de auga para unha embarcación é o traxecto que esta debe seguir dende a saída á chegada para percorrer a distancia prescrita, que será igual para tódolos participantes.

6. O calado mínimo en calquera punto do percorrido será de tres metros.

7. O eixe da rúa defíneo a liña recta imaxinaria entre a baliza interior e a exterior. Co fin de igualar as condicións de tódolos participantes, e sempre que a anchura de cada campo o permita, delimitarase a liña de chegada con dúas boias nos lados externos das balizas un (rúa 0) e "n" (n+1, sendo "n" o número de rúas). Tales boias ou balizas (rúa 0 e rúa n+1) serán de cor vermella ou alaranxada e terán un diámetro aproximado de 0,5 metros, debendo situarse en liña coas balizas.

Se o tamaño das balizas ou boias situadas para delimitar a rúa 0 e n+1 fóra maior ao indicado, situaranse 2 (dous) metros tras a liña de chegada para non interferir na boa visibilidade desta. En campos de regatas, nos cales por problemas de espazo, non sexa posible colocar as citadas boias, os "toblerones" publicitarios poden ser utilizados como delimitadores do campo.

8. A rúa ou liña de auga número 1 será a máis próxima ao lugar onde se encontre situado o Xurado.

9. A distancia a percorrer nas regatas de traiñeiras será de tres (3) millas mariñas (5.556 metros) distribuídos en catro (4) longos e tres (3) ciabogas. Tamén se poderá efectuar unha regata distribuída en seis (6) longos e cinco (5) ciabogas, sempre respectando a distancia oficial.

10. En regatas de quendas en liña, a distancia mínima entre as balizas será de corenta (40) metros e a distancia máxima de cincuenta (50) metros.

11. Atendendo ás características de cada campo de regateo, o Comité de Competición poderá aceptar excepcións ao disposto nos preceptos precedentes deste artigo.

12. Na entrada ou chegada á finalización da regata cada tripulación deberá entrar pola súa rúa, isto é, debendo entrar entre a baliza da súa rúa, que a deixará por babor e a da rúa adxacente ou boia exterior, que a deixará por estribor. O incumprimento do disposto neste apartado supoñerá a sanción de descualificación.

#### **Artigo 4.- A balizaxe.**

1. As balizas estarán firmemente suxeitas de forma que sexa imposible o garro destas, non debendo dificultar as manobras os elementos utilizados para a suxeición.

2. Nas balizas de saída colocaranse estachas ou rabizas da mesma lonxitude, non debendo en ningún caso dificultar as manobras. As mesmas deberán estar accesibles pero mergulladas.

3. As boias serán dun material que non dane o casco das embarcacións.

4. O tamaño dos mastros será como mínimo de dous (2) metros dende a superficie da auga.

5. As bandeiras colocadas nos mastros terán unhas medidas mínimas de 1 metro de ancho por 0,75 metro de alto e serán das seguintes cores: rúa 1: branca; rúa 2: vermello; rúa 3: verde; rúa 4: amarela; rúa 5: negra.

6. Para celebrar unha regata en campos con balizaxes de medidas diferentes ás previstas neste Código, será precisa a autorización expresa do Comité de Competición tras a petición cursada para o efecto polo organizador. A autorización no seu caso concedida terá carácter excepcional á vista das circunstancias concorrentes.

#### **Artigo 5.- Permisos, autoridades e seguridade.**

Todo club que proceda a organizar unha regata deberá contar con tódolos permisos obrigatorios así como os seguros obrigatorios e persoal especializado: protección civil, garda civil, persoal sanitario e ambulancia medicalizada.

A organización deberá contar coas autorizacións dos Organismos Oficiais competentes tales como:

- Autoridade Portuaria/Grupo de Portos da zona
- Capitanía Marítima da Zona
- Comunicación a medios de Salvamento (marítimos e terrestres).
- Autoridade Local-Concellos
- Servizo Marítimo da Garda Civil
- Póliza de Responsabilidade Civil

Estes permisos e/ou autorizacións poderán ser solicitadas pola ALN ou polo Comité de Regata, para comprobar a súa existencia.

Antes da primeira xornada de liga, os clubs participantes presentarán ante a ALN unha copia da póliza de seguros que garante a súa cobertura, de acordo coa lexislación vixente. Tamén, antes de cada regata o organizador deberá presentar a copia do seguro de responsabilidade civil, segundo a lexislación vixente.

#### **Artigo 6.- Pesos da embarcación.**

1. Na primeira regata da liga, pesaranse tódalas embarcacións antes da súa saída ao mar, e se algún club cambiase de embarcación durante o transcurso da liga, deberá pesala con antelación a súa utilización en competición.

Na acta das regatas, irán recollidos os pesos das traíneiras.

2. Procederase polo xurado ao pesaxe da primeira clasificada de cada quenda e outra por sorteo.

3. O peso mínimo do casco, é dicir, da embarcación sen (tolete, bancada, toletería), non poderá ser inferior a 185 kg.

4. O peso total mínimo do conxunto da embarcación con accesorios (tolete, bancada, toletería) non poderá ser inferior a 200 kg. Non se computarán na pesaxe calquera outros elementos auxiliares nin accesorios (remos, bota-augas, bombas de achique, goma escumas adicionais, etcétera). Permitirase na pesaxe que as bancadas dispoñan dunha única espuma, sempre e cando esta estea debidamente adherida, e o material destas non permita a absorción de auga. O árbitro poderá facer tódalas verificacións que considere oportunas.

5. A pesaxe oficial da embarcación deberá realizarse despois da quenda na que participase, en un prazo máximo de 30 minutos dende a finalización desta, sen elementos auxiliares nin auga no seu interior. Se existise un incumprimento do peso mínimo esixido neste Código, a tripulación afectada terá dereito a solicitar unha nova

pesaxe que deberá realizarse nun recinto pechado. O incumprimento de peso mínimo esixido levará consigo a descualificación da tripulación da regata. Nas regatas celebradas no formato de dobre xornada, ao club descualificado nunha das regatas por incumprimento do peso mínimo esixido seralle computado para a devantida xornada o tempo correspondente ao peor clasificado incrementado en 30 (trinta segundos).

6. A negativa á realización da pesaxe por parte dunha tripulación supoñerá a súa descualificación da regata e, no caso de tratarse de regatas a dobre xornada, as consecuencias previstas no número anterior deste artigo.

### **CAPÍTULO III.- XURADO E COMITÉ DE REGATAS**

#### **Artigo 7.- O Xurado.**

##### **1.- Concepto e funcións.**

O Xurado da LGT é o órgano que ten encomendado o control deportivo das regatas.

O Xurado estará en funcións durante toda a regata. O Xurado terá como principios reitores nas súas actuacións e decisións tanto a seguridade e igualdade de condicións de tódolos participantes.

##### **2.- Membros.**

O Xurado estará composto por catro árbitros.

O presidente do Xurado é o representante do devandito órgano nas regatas, designa os postos de cada membro do Xurado e supervisa a súa actividade. O Presidente do Xurado terá facultade para dar instrucións ao organizador da regata, ben directamente, ben a través do Comité de Regatas.

Calquera membro do Xurado, sempre que resulte posible, poderá desempeñar varias funcións dentro do devandito órgano dentro dunha mesma regata.

Cando sobreveñan circunstancias fortuítas que afecten ao funcionamento dos medios técnicos a disposición dos xuíces (GPS, video-finish, monitores, etcétera), os integrantes do Xurado poderán seguir realizando as súas funcións de control desta a través dos mecanismos de que dispuxesen sempre que, ao seu leal saber e entender, puidésese continuar o desenvolvemento da regata.



### **3.- Decisións, resolucións e actas.**

As decisións do Xurado e de cada un dos seus membros no desempeño das súas funcións resultan executivas inmediatamente.

Finalizada a regata, o Xurado redactará unha acta comprendida de:

- a) Os resultados deportivos habidos. Os resultados da regata entenderanse oficiosos ou provisionais ata o mesmo momento no que o Xurado proceda a subscribir a acta definitiva da regata.
- b) As incidencias ou observacións, se as houberse. En especial, farase mención a cantas cuestións tivesen acontecido con ocasión da regata e que deban ser coñecidas polos órganos de competición e disciplinarios asociativos.

A acta de cada regata, unha vez subscripta polo Xurado, será enviada a FEGAR e a ALN, a través dos medios establecidos para o efecto.

A acta subscripta polo Xurado de Regata estará a disposición dos clubs participantes a través dos medios previstos pola Asociación.

### **4.- Impugnacións.**

De acordo co previsto co establecido no "Código de Regatas del Cantábrico y Reglamento de Banco Fijo de la FER", as decisións do xurado contidas na acta da regata, poderán ser recorridas en primeira instancia ante o propio equipo arbitral no prazo máximo dunha hora dende a chegada da última embarcación á liña de meta, para o suposto de que o devandito recurso se presente fóra do prazo establecido para o efecto, o Xurado poderá desestimalo por entendela extemporáneo.

O recurso terá que fundarse de modo obrigatorio na normativa de aplicación ao suposto discutido, de xeito explícito terase que sinalar o precepto que se entende infrinxido, no caso contrario, o Xurado poderá desestimalo por entendela carente de fundamento.

O recorrente deberá aboar xunto co Recurso o importe de "CINCUENTA EUROS", que lle serán devoltos no caso de que a súa reclamación sexa estimada en calquera instancia.

A resolución do Xurado ditarase o mesmo día da regata, e entenderase firme salvo que así se prevexa a través dunha medida preventiva establecida polo propio equipo arbitral.

En segunda instancia, poderanse presentar recursos ou impugnacións ante o Comité de Regata fronte as resolucións ou decisións do Xurado ata dous días naturais despois da regata a contar dende o seguinte ao da súa celebración.

O recorrente poderá formular alegacións e achegar ou propoñer cantas probas considere oportunas ou pertinentes para a correcta resolución das impugnacións presentadas.

## **5.- Acordos.**

Os representantes da Asociación Liga Noroeste terán unha reunión co Presidente do Comité de árbitros e co Presidente da Federación Galega de Remo, no que abordarán posibles cambios na Normativa de regatas ou outras consideracións que repercutan no desenrolo da actividade competitiva da LGT. A reunión deberá ter lugar antes do 01 de abril do ano competitivo.

Os acordos deberán ser recollidos nun acta firmado por tódalas partes.

## **Artigo 8.- O Comité de Regata.**

### **1.- Concepto e funcións.**

De acordo co previsto co establecido no "Código de Regatas del Cantábrico e Regulamento de Banco Fixo da FER", o Comité de Regatas ten como misión a resolución de asuntos de urxencia relacionados coa organización da proba.

Terá a facultade de resolver os recursos presentados contra as resolucións ou decisións do Xurado.

En ningún caso, poderá valorar aspectos deportivos que sexan resultado dunha aplicación obxectiva da normativa ou da aplicación dos medios materiais dos que dispón o equipo arbitral.

O Comité de Regata, en colaboración co técnico designado, verificará, antes da disputa de cada regata que:

- a) O campo de regatas e demais requirimentos previstos neste Código de Regatas esixidos ao organizador adaptaranse ás previsións contidas na devandita regulamentación ou calquera outra normativa o acordo que resulte de aplicación.
- b) As embarcacións portan os medios tecnolóxicos obrigatorios (se os houberen), como GPS, micro-cámaras de TV, elementos de audio, contrapesos correspondentes, etcétera.

Se con anterioridade ao inicio dunha regata, ao leal saber e entender do Comité de Regata, concorren inxustificadas circunstancias subsanables que comprometan a equidade das condicións para o regateo dos participantes, reclamará a súa corrección á organización. Se non puidesen ser corrixidas as deficiencias detectadas, actuarase conforme ao artigo 3 da Normativa de Regatas da LGT.

## **2.- Membros.**

O comité de regata será designado para cada unha das probas da LGT, e estará constituído por un total de tres persoas: o presidente do Xurado, un representante do club organizador (que será ao mesmo tempo o director de seguridade -funcións definidas no art. 14 do Código de Regatas de Banco Fixo da FER- e o director da regata -funcións definidas no art. 13 do Código de Regatas do Banco Fixo da FER) e o presidente da ALN ou persoa en quen delegue.

Este comité deberá formarse na reunión de delegados da regata.

## **3.- Decisións, resolucións e informes.**

O Comité de Regata, verificado polo presidente da ALN ou na persoa na que delegue, realizará tras cada regata un informe que conteña cantas incidencias ou incumprimentos foren observados pola súa parte en relación co campo de regatas, ou os demais elementos esixibles a cada organizador sobre a base do previsto nesta Normativa de Regatas e Normativa de Competición da LGT.

Se algún incumprimento dos reflectidos no informe redactado polo Comité de Regata, verificado polo presidente da ALN ou na persoa na que delegue, fose susceptible de sanción, o propio Comité de Regata, nos prazos e forma previstos para o Comité de Competición da ALN, poderá sancionar o devandito incumprimento, tomando para iso como base a normativa de aplicación da ALN, en especial o Regulamento Disciplinario.

## **4.- Impugnacións.**

Todos os actos emitidos polo Comité de Regata, serán recorribles en segunda instancia ante o Xuíz Único.

## **CAPÍTULO IV.- DELEGADOS**

### **Artigo 9.- Designación de delegados.**

1. Cada club participante nunha regata da LGT deberá designar un delegado, o cal deberá encontrarse acreditado polo club e ter ficha federativa.
2. O delegado dun club é a única persoa que pode representar a ese club e os seus integrantes ante o Xurado ou o Comité de Regata no transcurso dunha regata ou os actos con esta relacionados.

### **Artigo 10.- Funcións e obrigas.**

1. En cada regata, o delegado de cada club é o encargado do cumprimento de tódolos trámites e formalidades previstas nas normativas e regulamentos da LGT.
2. No transcurso das regatas e os seus actos conexos, o delegado de cada club queda obrigado ao cumprimento das ordes emanadas tanto do Xurado e os seus integrantes como do Comité de Regata.
3. Os delegados durante a regata deberán encontrarse na área establecida o efecto polo organizador.
4. Os delegados dos clubs deberán comunicar ás súas tripulacións ou aos compoñentes ou integrantes da devandita entidade cantas comunicacións ou requirimentos lles sexan trasladados polo Comité de Regata, polo Xurado ou por algún dos seus membros.

## **CAPÍTULO V.- TRIPULACIÓNS: REMEIROS/AS E PATRÓNS/AS**

### **Artigo 11.- Inscripción de remeiros/as na competición.**

1. Os clubs participantes na Liga A deberán remitir unha pre-lista como data límite o 15 de febreiro, inclusive. Nela deberán figurar un mínimo de 14 deportistas con licencia en vigor polo club e/ou coas cartas de cesión pertinentes para competir co club na LGT.
2. Tódolos clubs participantes na competición presentarán antes das 00:00h do 1 de xuño, o listado definitivo de remeiros/as debidamente cumprimentado segundo formulario oficial. O listado remitirase por correo electrónico do que a ALN acusará recibo a través do mesmo medio.
3. Cada club só poderá inscribir un máximo de 22 deportistas, podendo dar de baixa un máximo de TRES remeiros/as sen ningunha xustificación, con data límite o día da última regata de xullo, podendo substituílos por novos remeiros/as.
4. No caso de non completar o cupo establecido de 22 deportistas, ou tramitar a baixa dalgún, os clubs poderán inscribir novos remeiros/as con data límite o día da última regata de xullo, sempre que presenten a solicitude cunha antelación mínima de tres días naturais, de xeito que dende a ALN se poidan facer as comprobacións pertinentes, e sexan informados tódolos clubs participantes, e se proceda a súa alta no listado de remeiros/as. En calquera caso, ese novo remeiro non poderá participar nunha regata ata pasados tres (3) días naturais dende a notificación da súa inscrición no listado de remeiros/as por parte

da ALN. Os prazos establecidos contarán dende as 00:00h do día seguinte á notificación da inscrición por parte da ALN.

De suceder unha circunstancia excepcional, pola que un club necesitara inscribir remeiros/as fóra de prazo para poder competir, convocaríase una Asemblea extraordinaria para decidir.

5. Todo deportista que vaia participar nunha regata da LGT non poderá estar inhabilitado ou suspendido para a participación en actividades da Asociación.

6. Previo o inicio da LGT, cada club remitirá a FEGAR a relación dos seus remeiros/as inscritos, segundo modelo da ALN, e será a FEGAR a encargada de visar que a información contida nesa inscrición é fiel descrición da realidade, en especial o referido á ficha federativa.

Tras as anteriores verificacións, os documentos de inscrición serán devoltos pola FEGAR os clubs, os que pola súa parte estarán obrigados a levalos a cada regata.

### **Artigo 12.- Composición da aliñación nunha traíneira para cada regata.**

1. Tódolos deportistas que conforman a inscrición nunha regata, estarán inscritos no listado de remeiros/as citado anteriormente.

2. Formarán a aliñación presentada por cada club un total de catorce (14) deportistas: trece (13) remeiros/as e un (1) patrón/a e deberá presentarse completa na liña de saída. O incumprimento do indicado supoñerá a sanción, se non se emenda o problema, de exclusión.

3. Cada club poderá inscribir suplentes en unha regata, non podendo exceder de seis (6) remeiros/as.

4. O patrón/a dun mesmo club poderá ser aliñado tanto en categoría masculina como en categoría feminina.

### **Artigo 13.- Peso do patrón/a.**

1. O peso mínimo do patrón/a nunha traíneira masculina (en camiseta e pantalón ou "platanito" e descalzo) está fixado en 55 kg. Para acadar este peso, o patrón/a pode dispor dun lastre, de como máximo 10 kg., que se situará na embarcación o máis próximo posible ao patrón/a. Debe consistir nun peso morto e ningunha das pezas do equipo será computada.

2. En calquera momento da regata, mesmo tras a finalización desta, o Xurado poderá solicitar o lastre para proceder á verificación do seu peso. Se o lastre colocado tivese sido manipulado, de tal forma que sexa inferior ao estipulado, a tripulación quedará excluída ou descualificada.

3.- O pesaxe de patróns/as, debe ser realizado entre unha (1) e dúas (2) horas antes do inicio da quenda na que aquel deba de tomar parte, e deberá realizarse nun sitio reservado, coa presenza dun árbitro, un membro do comité de regatas e un representante do club.

#### **Artigo 14.- Mínimo de Remeiros/as, Canteiráns e Propios nas aliñacións.**

A aliñación de cada equipo deberá cumprir, no referente a condición de remeiros/as canteiráns e propios, con algunha destas tres posibilidades:

- a) Mínimo de 7 Remeiros/as Propios dos cales 3 deben ser Canteiráns.
- b) Mínimo de 6 Remeiros/as Propios dos cales 4 deben ser Canteiráns.
- c) Mínimo de 5 Remeiros/as Canteiráns.

Cando un novo club, que resulte dunha fusión doutros dous, terán a obriga de incrementar en dous o número de propios e canteiráns, de tal xeito que cumpran con algunha destas tres posibilidades:

- a) Mínimo de 9 Remeiros/as Propios dos cales 5 deben ser Canteiráns.
- b) Mínimo de 8 Remeiros/as Propios dos cales 6 deben ser Canteiráns.
- c) Mínimo de 7 Remeiros/as Canteiráns.

Terán a condición de propio ou canteirán do novo club os remeiros/as que tiveran esa condición nos respectivos clubs que se fusionan.

### **CAPÍTULO VI.- INSCRICIÓN DE DEPORTISTAS**

#### **Artigo 15.- Inscripción dun club nunha regata.**

1. A lista de inscrición de deportistas para cada regata presentada por cada club deberá axustarse ao modelo oficial establecido a tal efecto pola ALN. Esta inscrición estará a disposición dos clubs no apartado correspondente da web oficial da LGT.

2. A inscrición dos remeiros/as en cada regata deberá estar pechada cunha antelación de unha hora e trinta minutos ó respecto do horario fixado. Unha vez pasado ese prazo, a ferramenta informática que xestiona este apartado, non permitirá realizar ningunha modificación da inscrición.

3. O control de embarque realizarase con esta lista de inscrición previo ó inicio da regata, debendo establecerse pola organización un punto de control polo cal pasarán os equipos cunha antelación de entre 30 e 60 minutos ó inicio da quenda na que participen. A non presentación a este control, levará aparellada a descualificación da tripulación.
4. No momento do control de embarque procederase a fotografar a tódolos equipos que forman parte da competición.
5. Tanto as listas de inscrición como as fotografías do control de embarque, estarán a disposición dos clubs na páxina web oficial, de xeito que cada club poida facer as comprobacións que considere oportunas.
6. No caso de calquera reclamación en relación a aliñación irregular dalgún club, establecerase un prazo ata as 24:00h do martes seguinte á regata para presentar a correspondente reclamación, debendo presentarse por parte da ALN unha resolución inicial antes das 24:00h do venres inmediatamente posterior. Esta primeira resolución será de aplicación para a confección de quendas nas regatas seguintes ata que haxa una sentenza firme.
7. Procederase polo Xurado, unha vez rematada a quenda, á revisión da aliñación dunha embarcación por quenda, escollida por sorteo. Este control realizarase xusto detrás da liña de balizas, non podendo achegarse a traíña designada ningunha embarcación que non sexa a dos árbitros.
8. Este control poderá ser mais esixente si o Xurado o considera oportuno.
9. Unha vez pechada a inscrición, e antes de que o Xuíz de Saída chame as tripulacións para situarse na súa rúa para a saída (5 minutos antes), poderanse efectuar substitucións de deportistas na aliñación dun club ou modificar o posto na embarcación. As substitucións serán presentadas ao Presidente do Xurado. En calquera caso, o remeiro que, por substitución, sexa incluído na tripulación deberá encontrarse entre os que figuren como suplentes da lista de inscrición que tivese sido presentada. A acreditación polo Xurado de Regata dunha situación na que se producise unha ou máis substitucións de deportistas sen o correspondente aviso ou notificación conforme ao previsto neste artigo levará aparellada a imposición dunha sanción de advertencia á tripulación. O cambio de posto na tripulación -sen substitución de titulares- requirirá idéntica comunicación e o seu incumprimento carrexará a imposición da mesma sanción (advertencia á tripulación).
10. Tódolos remeiros/as relacionados na lista de inscrición presentada polo delegado do club para participar nunha regata, incluídos os suplentes, deberán encontrarse no recinto de competición a disposición de calquera órgano ou instancia da LGT.

11. Unha vez notificado o Xurado o cambio na lista de inscrición (entrada dun suplente por un titular), o deportista substituído non poderá formar parte da tripulación en esa regata, e isto pese a que, a partir do momento de efectuarse o cambio, teña a consideración de suplente, resultando de aplicación o previsto no epígrafe precedente de este artigo.

12. Toda irregularidade detectada na composición dunha tripulación, respecto da que figurase na lista de inscrición dun club, supoñerá a exclusión ou descualificación da devandita tripulación da regata. Para os efectos do previsto neste apartado, entenderase por irregularidade na composición dunha tripulación a non coincidencia das persoas nunha tripulación que tomasen parte na regata, entendendo por tal, a participación na quenda ou nunha contra-reloxo, respecto das que figurasen na lista de inscrición no poder do Xurado da regata, ben como titulares ou suplentes.

13. Unha vez finalizada a súa quenda, calquera modificación na composición dos membros da tripulación, previo o desembarque en terra, requirirá da autorización do Presidente do Xurado. A acreditación polo Xurado de Regata dunha situación na que se producira unha ou máis modificacións na composición dos membros da tripulación sen obter a correspondente autorización conforme ao previsto neste apartado levará aparellada a descualificación da tripulación.

## **CAPÍTULO VII.- DESENVOLVEMENTO DA REGATA**

### **Artigo 16.- Horarios da regata.**

Os horarios fixaranse entre a seguinte franxa horaria 11:00 a 12:00 en horario de mañá e 17:30 a 18:30 en horario de tarde. Determinarase o horario no momento da aprobación do calendario.

Estes horarios solo se poderán modificar por forza maior (necesidades de mareas ou solicitude da TV que retransmita o evento).

### **Artigo 17.- Confección de quendas e orde de saída.**

As quendas de cada regata confecionaranse segundo a clasificación parcial da LGT ata ese momento, sendo a última quenda a que estea formada polos 4 ou 5 mellores clasificados, segundo teña 4 ou 5 balizas o campo de regatas.

Caso de completarse un calendario de regatas con sábados e domingos (en calquera das ligas), as quendas das regatas dos domingos confecionaranse polos resultados do día anterior. Este sistema empregarase ata a última regata do mes de xullo; para as regatas posteriores, as quendas estableceranse seguindo a clasificación da Liga.



Se na primeira regata non houberse xornada clasificatoria, as quendas confeccionaranse a sorteo.

Non haberá mais de tres quendas en ningunha regata de Liga, establecéndose que si houberse máis participantes que os que permitisen as rúas facer 3 quendas, a primeira incluírá tódolos clubs que deban participar na primeira, dándose as “saídas lanzadas”, isto é: estableceranse saídas de 3, 4 ou 5 clubs o mesmo tempo e os 2 minutos os outros 3, 4 ou 5 clubs, excepto na primeira regata da LGT na que se establecerá una cadencia de 3 minutos.

### **Artigo 18.- Equipamento e aparatos técnicos de comunicación.**

1. Os participantes deberán vestir con decoro e uniformidade podendo o Xuíz-Árbitro impedir a saída a quen así non o faga. Co fin de unificar os criterios neste apartado, entenderase por uniformidade:

- Igual platanito ou camiseta.
- Se leva camiseta interior (por debaixo do platanito) será de igual cor para todos os que a vistan.
- Igual, para todos os que a(s) leven, gorra ou outras pezas na cabeza (gorros, fitas, bandanas, panos, etcétera) que deberán ser da mesma cor. Non está permitido que os remeiros/as luzan pezas particulares na cabeza. A negativa dun deportista a corrixir a súa indumentaria conforme ao previsto neste apartado ante as instrucións dun Xuíz-Árbitro levará consigo a imposibilidade de tomar a saída, e polo tanto a descualificación.

2. Está permitido dar indicacións, consellos ou dirixir de xeito directo os membros da tripulación con aparatos eléctricos ou electrónicos ou outros medios técnicos ou tecnolóxicos, sempre que estes non interfiran cos medios utilizados polos xuíces e nunca a través da megafonía. Non está permitido valerse dos medios dos que se serven os xuíces para dirixir a regata.

3. As embarcacións, cando así o determine pola ALN, deberán portar os medios tecnolóxicos obrigatorios, como GPS, microcámaras de TV, elementos de audio, contrapesos correspondentes, etcétera. Estes elementos (Receptor GPS, mini cámara, lastre de patrón, etc.) irán colocados no mesmo lugar en tódalas embarcacións, salvo que por motivos de deseño isto non sexa posible, en este caso buscarase a situación máis aproximada á do resto das traíñeiras. Soamente os técnicos encargados da colocación, o Comité de Regata, e os membros do Xurado de Regata poderán manipular os devanditos elementos. O feito de non portar, colocar noutro lugar non especificado polo Comité

Técnico, manipular os aparatos e/ou soltalos das súas ancoraxes de xeito doloso ou mediando sequera culpa leve ou neglixencia será sancionado polo Xurado de Regata coa imposición dunha penalización de 3 segundos por cada unha das accións de quebranto constatadas.

4. Salvo autorización expresa da directiva da ALN ou do Comité de Regata, as tripulacións, os seus integrantes, ou dende as lanchas de apoio dos técnicos non se poderán mostrar, lucirse, colocarse ou calquera outra forma de exhibición carteis, pancartas, proclamas ou calquera forma de difusión análoga que non se correspondan coa publicidade do club participante ou da Asociación. O incumprimento do disposto no presente apartado poñerase en coñecemento do órgano disciplinario da Asociación.

### **Artigo 19.- Seguimento da regata.**

1. Ningunha embarcación, agás as dos Xuíces-Árbitros e as embarcacións expresamente autorizadas polo Presidente do Xurado ou polo Comité de Regata poderán seguir a regata. Cada club, salvo prohibición expresa do Xurado da Regata ou do Comité de Regata, poderá empregar unha soa lancha ou pneumática de apoio a súa traíñeira con ocasión dunha regata, e dita embarcación permanecerá inmóbil durante a regata.

2. Co fin de controlar os desprazamentos das tripulacións na auga, a organización deberá expoñer na reunión de delegados o plano do campo de regatas coas normas de circulación, se as houberse, durante o quecemento.

3. As embarcacións dos clubs (traíñeiras e lanchas/pneumática de apoio con adestradores) mentres están a facer o quecemento ou a recuperación post-regata deberán:

- Non cruzar a liña de chegada no transcurso dunha saída, manobra (ciaboga) ou chegada doutra quenda.
- Deterse cando as embarcacións que estean competindo no seu mesmo sentido cheguen a súa altura.
- Non seguir o desenvolvemento dunha quenda -en parte ou na totalidade do percorrido, aínda que se estea afastado do campo de regatas.
- Atoparse fora do campo de regatas.
- Respetar as normas de circulación se as houberse.

4. O incumprimento do sinalado nos epígrafes anteriores deste artigo, supoñerá a imposición á tripulación do club do infractor, dunha sanción de advertencia por cada unha das infraccións descritas que se cometeran durante unha mesma regata.

## **Artigo 20.- Interrupción dunha regata.**

1. Durante a regata, o Xurado e os seus integrantes deben impedir que calquera circunstancia externa inflúa no desenvolvemento ou no resultado do evento.
2. Cando conflúan circunstancias alleas á organización e que impidan o normal desenvolvemento dunha regata, o Xurado, a través do seu Presidente, ordenará a paralización da proba, dando conta ao Comité de Regata, quen decidirá sobre a posibilidade ou non de continuar a regata así como cantas outras cuestións estean relacionadas co particular.
3. No caso de ter remado e finalizado a primeira quenda dunha regata e, por motivos meteorolóxicos, deba suspenderse a mesma, o Comité de Regata disporá:
  - Declarar a regata finalizada e non puntuable.
  - Os efectos da entrega da bandeira e reparto de premios, farase conforme o seguinte:
    - Se declarará gañador da regata e bandeira o primeiro clasificado da quenda disputada.
    - O reparto de premios farase conforme o establecido para unha regata normal, para os clubs que disputaron a quenda, e para o resto dos clubs as cantidades se repartirán a partes iguais.

No caso de darse causas meteorolóxicas adversas, poderase considerar a opción por parte do Comité de Regata e Xurado, de retrasar o inicio da seguinte quenda correspondente cun tempo máximo de unha (1) hora.

4. No suposto de non poder dar comezo a competición por motivos alleos ao club organizador abranse as seguintes posibilidades: os clubs participantes tratarán de atopar una data alternativa para repetir a regata. A nova data deberá ser anterior á última proba de liga aprobada no calendario para poder ser considerada puntuable, perdendo dita condición de puntuable se fose posterior á última proba puntuable do calendario oficial. Para poder determinar a nova data deberase obter o respaldo de polo menos o 75 % dos clubs participantes na regata.

Se por motivos externos ao club organizador e á ALN a regata non se pode disputar, co consecuente reparto de premios, o club organizador da regata non celebrada deberá reintegrar o 25% do premio logrado aos clubs organizadores de cadansúa regata celebrada.

### **Artigo 21.- Elementos de comunicación dos Xuíces-Árbitro cos participantes.**

1. Os Xuíces-Árbitros, no desempeño das súas funcións durante unha regata, dispoñerán dos seguintes elementos de sinalización e comunicación das súas decisións e instrucións a unha tripulación:

- Bandeira branca e megáfono: para comunicar e transmitir instrucións aos participantes.
- Bandeira vermella: para efectuar a saída e tamén para comunicar a parada dunha manga.

2. Cando as circunstancias aconsélleno e/ou non fose posible a utilización das bandeiras referidas no apartado anterior, os integrantes do Xurado de Regata poderán comunicar verbalmente ás persoas que compoñen unha tripulación ou aos integrantes dun club tanto as instrucións correspondentes coma a imposición de sancións.

### **Artigo 22.- Verificacións.**

Sen prexuízo da capacidade revisora que puidese chegar a exercerse polo Comité de Regata tras a disputa da regata, o Xurado verificará que:

- a) As aliñacións de deportistas de cada club en cada una das regatas que se disputen cumpren coa normativa correspondente, tanto federativa como da ALN.
- b) Os membros da tripulación de cada traíneira participante coinciden cos indicados na folla de inscrición.
- c) As embarcacións cumpren coas prescricións técnicas contidas neste Código.
- d) As medidas das rúas do campo de regatas son iguais para todos os participantes.

### **Artigo 23.- A saída nas regatas de quendas en liña.**

1. As embarcacións participantes en cada regata deberán encontrarse na zona de saída cinco (5) minutos antes da hora sinalada para o comezo da súa quenda, poñéndose dende ese momento ás ordes do Xuíz de Saída.

2. A embarcación que a criterio do Xurado de Regata se atrase inxustificadamente na chegada á zona de saída recibirá as seguintes sancións:

- a) En primeiro lugar, una tarxeta amarela.
- b) En segundo lugar, a exclusión da regata.

3. A saída para regatas disputadas en quendas por rúas realizarase tendo presente as seguintes pautas e protocolos:

a) O Xuíz-Árbitro chamará as tripulacións para que se dirixan á liña de saída para a seu aliñamento, debendo acatar estas en cada momento as instrucións que se lles indiquen. A embarcación que a criterio do Xurado de Regata non acate as instrucións que se dean para lograr o aliñamento, recibirá unha sanción de tarxeta amarela á tripulación por cada unha das situacións de incumprimento constatadas.

b) Aliñadas tódalas embarcacións polo Xuíz de Saída, levantará a bandeira branca. A continuación o Xuíz-Árbitro á voz de ATENCIÓN dará a orde de saída dicindo VAI e baixando simultaneamente a bandeira. Ata ese momento de baixada da bandeira, os patróns/as das embarcacións non poderán soltar as rabizas ou estachas.

c) Se por algún motivo xustifico, non se puidera realizar a saída con rabiza, as traiñeiras deberán efectuar a saída sempre pola súa rúa, deixando a súa boia por babor.

d) Se o Xuíz de Saída se decata dunha saída nula farao saber coa súa bandeira vermella ao Xuíz-Árbitro, que deterá a regata axitando a bandeira vermella. Á traiñeira ou traiñeiras infractoras o Xuíz-Árbitro comunicarlles a sanción de penalización de 5 segundos por saída nula.

A tripulación que cometa ou sexa responsable de dúas saídas nulas será sancionada con exclusión de regata. Para tal efecto, enténdese por realizar unha saída nula tanto soltar a estacha ou rabiza polo patrón/a antes da baixada da bandeira, para comezar a remar antes da baixada da bandeira, aínda que o patrón/a non soltase a estacha ou rabiza. Será sancionada por realizar saída nula a traiñeira que en primeiro lugar realizara tal acción, se o tivesen realizado máis dunha, e, no caso de que non for posible para o Xurado de Regata determinar que traiñeira realizou en primeiro lugar a saída nula, serán sancionadas tódalas traiñeiras implicadas na devandita acción; salvo as que, malia realizar saída nula, conste que non realizaron tal acción antes que a(s) primeira(s) traiñeira(s).

#### **Artigo 24.- A saída nas regatas contra-reloxo.**

A saída para regatas disputadas na modalidade de contra reloxo levarase a cabo tendo presentes as seguintes pautas e protocolo:

a) A saída de embarcacións efectuarase como mínimo cada minuto. Este intervalo podería ampliarse se, a xuízo do Xurado –logo de informe favorable do Comité de Regata-, as condicións climáticas fan dificultosa a colocación das tripulacións en liña de saída. Igualmente poderá ampliarse o intervalo de saída por criterios deportivos que fagan previsible situación de adiantamentos.

- b) A orde de saída darase seguindo o seguinte procedemento: aviso de 30 segundos; aviso de 20 segundos; aviso de 10 segundos; aviso de 5 segundos; conta atrás: 4, 3, 2, 1, VAI con baixada de bandeira.
- c) Quen na saída se adiante a baixada de bandeira será sancionada con penalización de 10 segundos. No caso de que algunha embarcación saíse antes de ser cantados os cinco segundos, a sanción será de penalización de 1 minuto.
- d) Para que unha saída sexa correcta o patrón/a debe ter asido a estacha ou rabiza e non soltala ata a baixada de bandeira. Igualmente, non se poderá comezar a remar ata a baixada de bandeira. A sanción por calquera de tales incumprimentos será de penalización de 10 segundos.
- e) No caso de que unha embarcación chegue tarde á liña de saída correrá o tempo. Para que a saída sexa correcta o patrón/a deberá coller a estacha ou rabiza e parar. Se non a collese a sanción será unha penalización de 10 segundos que se sumarán ao tempo transcorrido ata ese momento.  
Se tivesen transcorrido 30 segundos e non está preparada para saír ou non parase, a

#### **Artigo 25.- Durante o percorrido.**

1. Toda tripulación que tome a saída deberá efectuar a totalidade do percorrido a ritmo de regata ata cortar a liña chegada, salvo caso de forza maior ou autorización do Xuíz-Árbitro. Se non concorrese ningún destes dous casos, será o Xurado quen, á vista do acontecido, decidirá se procede a imposición da sanción de descualificación nesa regata da tripulación afectada.
2. A invasión da rúa consiste na entrada ou irrupción dunha embarcación nunha rúa distinta á que lle for asignada de forma que se condiciona, impide ou dificulta a voga doutra embarcación á que lle tiver correspondido a devandita rúa. Neste sentido, a invasión será sancionada con:
  - a) A realización dunha primeira acción de invasión de rúa será sancionada cunha tarxeta amarela polo Xuíz-Arbitro.
  - b) A dunha segunda acción de invasión de rúa ou non variar a traxectoria tras a primeira advertencia, supoñerá a imposición da sanción de penalización de descualificación.
3. A abordaxe consiste no contacto de remos ou interferencia na voga e no choque de embarcacións ou contacto de remos impedindo a voga dos implicados e que supoña rotura ou, a xuízo de Xuíz-Árbitro, inflúa de forma relevante (afectando gravemente) no resultado da regata. A embarcación que ocasione unha abordaxe será sancionada coa exclusión da regata.

4. Cando dúas ou máis embarcacións encóntrense en situación de risco de abordaxe fóra das súas rúas, o Xuíz-Árbitro ordenará a cada unha as manobras que considere oportunas para eliminar o risco sen prexudicar á tripulación que, sen estar involucrada, se encontre na súa rúa. As indicacións do Xuíz-Árbitro deberán inmediatamente ser atendidas polos patróns/as e o seu incumprimento carrexará a imposición das sancións previstas neste artigo.

5. Nas regatas contra-reloxo, a tripulación que vaia ser adiantada deberá facilitar a manobra abríndose a babor ou estribor, segundo as posibilidades de cada campo. A determinación das manobras a realizar en caso de adiantamento, serán indicadas polo Presidente do Xurado na reunión de delegados previa a disputa da regata. Se non se respectan en caso de adiantamento as manobras previstas, a tripulación será sancionada coa descualificación.

6. Ningún remeiro dunha tripulación poderá lanzarse á auga de forma deliberada ou voluntaria durante o transcurso da quenda na que estea a tomar parte nunha regata. O incumprimento do previsto neste epígrafe, no sentido de que polo Xuíz-Árbitro se entenda que un deportista se botou de forma voluntaria ou deliberada á auga sen mediar caída fortuíta non intencionada, levará consigo a sanción de descualificación da tripulación.

7. O xuíz-Árbitro que se decate da concorrencia dunha situación de forza maior que impida o normal desenvolvemento da regata comunicará inmediatamente o devandito extremo ao Presidente do Xurado quen tomará a decisión que considere máis oportuna.

8. O patrón/a só poderá usar o remo que lle corresponde para dirixir a embarcación e non poderá axudar a ningún remeiro na súa voga. O incumprimento do previsto neste epígrafe carrexará a sanción de exclusión da regata.

9. Se o patrón/a cae á auga no transcurso da regata, debe ser substituído por un remeiro para que o percorrido sexa válido, e de non ser así, a tripulación será excluída.

10. O patrón/a nunca poderá substituír a un remeiro.

### **Artigo 26.- Conduta dos intervincentes na regata.**

1. Toda persoa adscrita a LGT intervincente nunha regata deberá manter unha conduta correcta e deportiva no transcurso desta.

2. Ningún remeiro –antes, durante o despois da regata- deberá dirixirse ao persoal da organización, Comité de Regata, Xurado ou os seus integrantes. En terra, o delegado de cada club é a única persoa que poderá dirixirse ao Comité de Regata, Xurado ou os seus

integrantes. Na auga será o patrón/a de cada club –que efectuará o aviso, previo á comunicación, -levantando a man-, a única persoa que poida dirixirse aos Xuíces-Árbitros.

3. A non observación do previsto no número anterior no sentido de non se manter unha conduta correcta e deportiva no transcurso dunha regata supoñerá unha primeira sanción de tarxeta amarela e, de persistir tal conduta, procederase a descualificación e, en especial, nos supostos en que se manteña unha conduta de proferir insultos, ameazas, ou calquera outras accións contrarias ao ordenamento deportivo. O previsto no presente epígrafe enténdese sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria en que incorreren os actores das devanditas condutas.

### **Artigo 27.- A chegada.**

1. A embarcación chegou á meta cando corte ca súa proa a liña de chegada. No preciso instante en que unha embarcación franquease a liña de chegada (formada pola liña imaxinaria de balizas) co seu branque deterase o seu cronómetro para tódolos efectos, non podendo en ningún caso retroceder para emendar ou corrixir aqueles erros ou deficiencias que tivese podido cometer no transcurso da súa participación.

2. Unha embarcación poderá cruzar a liña de meta con menos de trece (13) remeiros/as e sempre con patrón/a.

3. Se nunha regata se produce unha chegada simultánea entre dous ou máis embarcacións, "exequo", as tripulacións implicadas obterán a mesma posición na clasificación da regata.

A chegada dunha tripulación polo exterior das boias ou balizas auxiliares ou de referencia que delimitan a liña de chegada (rúa 0 e rúa n+1), levará aparellada a imposición da sanción de descualificación.

## **CAPÍTULO VIII.-MEDIDAS CORRECTORAS E SANCIONADORAS**

### **Artigo 28.- Tipos de medidas.**

1. De conformidade co previsto no presente Código de Regata e nas demais normativas polas que se rexen as competicións da LGT, os Xuíces-Árbitros e o Xurado no desempeño das súas función no transcurso dunha regata poderán adoptar as seguintes medidas sancionadoras:

- a) Tarxeta amarela.



b) Penalización ou imposición, a modo de sanción, de tempo sobre o resultado que obtivese unha tripulación nunha regata.

c) Exclusión ou fóra de regata: exclusión dunha tripulación dunha regata durante a súa celebración por unha conduta contraria á Normativa de Competición, Normativa de Regatas, ao Código de Regatas ou a calquera outras disposicións que resulten de obrigado cumprimento para os participantes.

2. As medidas correctoras ou sancionadoras previstas no presente artigo poderán ser impostas tanto ás persoas físicas adscritas á LGT (deportistas, técnicos, delegados, directivos, etcétera) como ás tripulacións participantes nunha regata.

### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA**

A presente Normativa de Regatas da LGT derroga tanto cantas outras normativas tivesen vido regulando aspectos nel contidos, coma cantos acordos tivesen sido adoptados no seo da Asociación e se opuxeran ao previsto neste corpo normativo.

### **DISPOSICIÓN FINAIS**

Primeira.- Aprobada a Normativa de Regatas, non se poderá modificar durante a tempada en curso, a non ser por acordo do mínimo de 2/3 da Asemblea, entendendo que o inicio da tempada é a data de pagamento do primeiro prazo da cota de inscrición.

Segunda.- Para as votacións de modificacións de Normativas, aqueles clubs que paguen cota por inscribir varias embarcacións nas diferentes categorías, terán tantos votos como embarcacións inscritas.

Terceira.- O presente Código de Regatas, entrará en vigor o día seguinte a súa aprobación pola Asemblea Xeral da ALN.

Cuarta.- A presente Normativa de Competición da LGT, foi aprobada polo Asemblea Xeral da Asociación na súa sesión celebrada o día **13 de decembro de 2021**.

Quinta.- En todo o non previsto nesta Normativa, estarase o disposto no Regulamento de Banco Fixo do Cantábrico e no Código de Regatas da FER, en especial ANEXO I.

Sexta.- A Normativa vixente non se poderá modificar ata catro anos despois da súa aprobación, non sendo pola excepción sinalada na primeira cláusula.